



| Guía Docente          |  |                    |                   |          |
|-----------------------|--|--------------------|-------------------|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |                   | 2020/21  |
| Asignatura (*)        | Inserción e orientación laboral  | Código             | 652606612         |          |
| Titulación            |  |                    |                   |          |
| Descritores           |  |                    |                   |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo              | Créditos |
| Mestrado Oficial      | Anual  | Primeiro           | Obrigatoria       | 4        |
| Idioma                | Galego   |                    |                   |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |                   |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |                   |          |
| Departamento          | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación   |                    |                   |          |
| Coordinación          | Arza Arza, Neves   | Correo electrónico | neves.arza@udc.es |          |
| Profesorado           | Arza Arza, Neves   | Correo electrónico | neves.arza@udc.es |          |
| Web                   |  |                    |                   |          |
| Descrición xeral      | A orientación profesional forma parte das funcións do profesorado da especialidade de FOL. A ausencia de formación neste campo na case totalidade do alumnado que accede ó itinerario de FOL explica a necesidade desta materia. A súa finalidade é proporcionar as competencias necesarias que lle permitan comprender o alcance e importancia da orientación profesional, planificar, desenvolver e avaliar accións de orientación profesional no Ensino Secundario e na Formación Profesional.  |                    |                   |          |
| Plan de continxencia  | <p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se modifican</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Todas</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican:</p> <p>Virtualízanse a través de Teams (vídeo-gravacións das sesións maxistrais e/o sesións síncronas, presentacións orais do traballo tutelado e aprendizaxe colaborativa).</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado.</p> <p>Correo electrónico: para solicitar titorías en Teams (diariamente).</p> <p>Teams, para as titorías grupais obrigatorias e para as individuais a demanda (nos horario de titorías e no da materia). A finalidade das titorías obrigatorias é a supervisión e seguimento do traballo tutelado grupal.</p> <p>- En Moodle van dispoñer dous foros. Un foro temático, asociado aos contidos da materia para resolver dúbidas e para desenvolver discusións dirixidas. O segundo foro céntrase nas dificultades e pautas para resolver os sub-retos do traballo tutelado. Diariamente.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Sen cambios</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>A presentación oral sería en Teams.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se modifica a bibliografía básica está dixitalizada en moodle ou é accesible na rede.</p> |                    |                   |          |

| Competencias / Resultados do título |                                     |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código                              | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe  |                                     |     |
|--|-------------------------------------|-----|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias / Resultados do título |     |
| Identificar as atribucións docentes e as funcións do profesorado da especialidade de FOL no campo da orientación profesional e comprender a importancia e necesidade de formación neste ámbito | AP15                                | CM7 |



|   |                      |  |     |
|---|----------------------|--|-----|
| Analizar o desenvolvemento teórico da orientación profesional, describir e comprender os seus trazos conceptuais, as áreas, os principios e os modelos de intervención, e reflexionar sobre as súas implicacións para a práctica. | AP15<br>AP17<br>AP19 |  |     |
| Analizar as funcións sociopolíticas da orientación profesional reflexionar sobre as posibilidades e características dunha orientación profesional para o cambio que incida nunha praxe para a xustiza social.                     | AP15<br>AP19         |  | CM4 |
| Caracterizar a evolución e situación actual da orientación profesional no sistema educativo e no ámbito laboral, principalmente, no que fai ós aspectos organizativos, funcionais e profesionais.                                 | AP17                 |  | CM7 |
| Identifica-los factores que interveñen na inserción laboral e analiza-la súa relación coas áreas de intervención.   | AP19                 |  |     |
| Comprender e utilizar axeitadamente a terminoloxía do campo da orientación e inserción profesional.   |                      |  | CM1 |
| Analizar a influencia do xénero na toma de decisións académicas e profesionais e na inserción laboral e identificar os indicadores da desigualdade de xénero no sistema educativo e no mercado laboral.                           | AP19                 |  | CM4 |
| Comprender a necesidade de incorporar o enfoque de xénero na orientación profesional e deseñar propostas didácticas nas que se integre.   | AP18<br>AP20         |  |     |
| Identificar as posibilidades de utilización das ferramentas da web 2.0 na OP, incorporalas na programación das materias da especialidade e valorar a súa contribución a alfabetización dixital do alumnado                        | AP16<br>AP19<br>AP20 |  | CM3 |
| Analizar o currículo das materias e módulos da especialidade de FOL tendo como criterios as características conceptuais da orientación profesional, as áreas e modelos de intervención.   | AP15<br>AP16         |  |     |
| Deseñar, seleccionar e valorar programas e materiais de orientación profesional   | AP20<br>AP21<br>AP25 |  |     |

| Contidos   |   |
|--|---|
| Temas  | Subtemas  |
| Tema 1. A orientación profesional: campo de intervención do profesorado de FOL | 1.1. A orientación profesional/laboral no currículo dos módulos e áreas que imparte o profesorado de FOL<br>1.2. A orientación profesional/laboral como función: as atribucións do profesorado de FOL nos departamentos de orientación e nos departamentos de información e orientación profesional.<br>1.3. A orientación profesional no temario de acceso á especialidade<br>1.4. Perfil profesional do/a orientador/a laboral  |
| Tema 2. Orientación profesional e orientación laboral                          | 2.1 Delimitación, caracterización conceptual da orientación profesional e da orientación laboral e relacións entre ambas.<br>2.2. Ideas forza. Orientación profesional para a xustiza social e para os Obxectivos do Desenvolvemento sostible.<br>2.3. Orientación profesional e empregabilidade. Relevancia das competencias blandas.<br>2.4. Áreas de intervención<br>2.5. Modelos de intervención<br>2.6. Inclusión dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible nos programas de orientación profesional.<br>2.6. A orientación na avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias |



|  |  |
|--|--|
| Tema 3. Xénero e orientación profesional   | <p>3.1. Conceptos para comprender e explicar as desigualdades de xénero.</p> <p>3.2. Xénero, proxecto profesional e inserción laboral. As barreiras de xénero</p> <p>3.2. Radiografía das desigualdades de xénero no sistema educativo e no mercado laboral</p> <p>3.3. A OP non discriminatoria (tamén non sexista ou para a igualdade de oportunidades) na normativa legal: evolución e situación actual.</p> <p>3.4. O Profesional con enfoque de xénero: conceptualización e pautas para a súa integración.</p> <p>5.5. Programas e recursos para unha praxe orientadora con visión de xénero.</p> |
| Tema 4. Utilización das tecnoloxías dixitais en orientación profesional  | <p>4.1. Algúsn conceptos de partida</p> <p>4.2. Ámbitos de utilización das TIC/TAC en OP</p> <p>4.3. Competencia dixital e orientación Profesional.</p> <p>4.4. Boas prácticas na utilización das tecnoloxías dixitais en OP.</p>  |
| Tema 5. Desenvolvemento e situación actual da orientación profesional e laboral no sistema educativo e no ámbito laboral | <p>2.1. Principais fitos e tendencias no desenvolvemento da OP.</p> <p>2.2. Organización e funcións da OP no sistema educativo.</p> <p>2.3. Organización e funcións da OP no ámbito laboral</p> <p>2.4. A orientación profesional nas políticas educativas e de emprego.</p>   |

| Planificación                 |                                 |   |                         |              |
|-------------------------------|---------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas         | Competencias / Resultados       | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais          | A15 C4                          | 2                                       | 0                       | 2            |
| Análise de fontes documentais | A17 A19 A25 C1 C4               | 5                                       | 15                      | 20           |
| Sesión maxistral              | A15 A17 A19                     | 6                                       | 0                       | 6            |
| Aprendizaxe colaborativa      | A16 A18 A20 A21 C3              | 4                                       | 8                       | 12           |
| Presentación oral             | C1 C3                           | 4                                       | 2                       | 6            |
| Portafolios do alumno         | A15 A16 A17 A18<br>A19 C1 C4 C7 | 0                                       | 13                      | 13           |
| Prácticas a través de TIC     | C3                              | 1                                       | 2                       | 3            |
| Traballos tutelados           | A18 A20 A21 A25 C1<br>C3 C7     | 6                                       | 28                      | 34           |
| Atención personalizada        |                                 | 4                                       | 0                       | 4            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                  |  |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías                  | Descrición   |
| Actividades iniciais          | <p>As actividades iniciais teñen unha dupla finalidade:</p> <p>a) que o alumnado tome conciencia dos seus coñecementos previos, de xeito que se convertan nun referente para a análise e reflexión do que precisan aprender e para facer balance das aprendizaxes construídas na materia.</p> <p>b) A posta en común e resolución de dúbidas das cuestións formuladas sobre as temáticas previamente traballadas fora da aula e que forman parte da clase invertida.</p> |
| Análise de fontes documentais | <p>As actividades de análise documental abordan distintas temáticas da materia:</p> <p>a) Análise do currículo das materias da especialidade e de dous libros de texto</p> <p>b) Análise de programas e actividades de orientación non sexista</p> <p>c) Análise de documentos para afondar nas temáticas da fundamentación teórica do traballo tutelado.</p> <p>d) Busca e análise de experiencias de utilización das TIC en orientación profesional</p>                |



|                           |   |
|---------------------------|---|
| Sesión maxistral          | O método expositivo utilízase para presentar, aclarar e sintetizar algunhas das temáticas que integran o programa da materia. Esta metodoloxía complementase coa análise documental destinado o aprofundamento dos temáticas. A sesión maxistral combínase coa clase invertida, deste xeito promoveuse o estudo autónomo do alumnado fóra da aula e a aprendizaxe colaborativa na aula.   |
| Aprendizaxe colaborativa  | A aprendizaxe colaborativa é o principio que ha de rexir nas actividades grupais de análise de fontes documentais e nos traballos tutelados. É obxecto de auto-avaliación e co-avaliación e vai repercutir na cualificación de cada unha das persoas do grupo de traballo.  |
| Presentación oral         | Presentación grupal do traballo tutelado. A presentación vai ser avaliada polo resto do alumnado a partir dunha rúbrica, elaborada e consensuada polo alumnado a partir de varias propostas proporcionadas pola profesora e polo alumnado.  |
| Portafolios do alumno     | Consiste nun informe no que o alumnado da conta das aprendizaxes adquiridas, da súa aplicación no TFM e no período de prácticas e da relación existente co resto das materias do mestrado. O portafolios inclúe un mapa conceptual dixital dos contidos da materia e un glosario de termos. Tanto o portafolio como o mapa conceptual serán elaborados en formato dixital.  |
| Prácticas a través de TIC | As practicas a través de TIC céntranse na busca e selección de información, na creación dun marcador social, na delimitación da súa contorna persoal de aprendizaxe e na construción de diferentes artefactos dixitais en distintos formatos que van ser incluídas no traballo tutelado ou/e no portafolio individual.<br>O marcador social e contorna persoal de aprendizaxe son compartidas co resto das materias do itinerario. Coas Prácticas a través das TIC preténdese que o alumnado adquira competencias dixitais docentes de diferentes áreas:<br>a) Información e alfabetización dixital (navegación, busca e filtraxe; avaliación da información, e almacenaxe e recuperación de información e contidos dixitais).<br>b) Comunicación e colaboración (compartir información e contidos, colaboración mediante vías dixitais, netiqueta e identidade dixital)<br>c) Creación de contidos dixitais (desenvolvemento de contidos dixitais (desenvolvemento e integración e reelaboración de contidos dixitais)<br>d) Resolución de problemas (identificación de necesidades e respostas , innovación e uso da tecnoloxía dixital de xeito creativo e identificación de lagoas na competencia dixital). |
| Traballos tutelados       | Consiste no deseño dunha unidade didáctica de orientación profesional para os módulos da especialidade ou para a titoría da formación profesional básica. O deseño desta proposta didáctica ten que valerse da aprendizaxe baseada en proxectos e da utilización doutras metodoloxías activas (gamificación, clase invertida, aprendizaxe colaborativa etc.).   |

## Atención personalizada

| Metodoloxías                             | Descrición   |
|--|--|
| Presentación oral<br>Traballos tutelados | A atención personalizada adopta distintas modalidades: grupal, individual, obrigatoria e a demanda. A súa finalidade é apoiar e supervisar o proceso de aprendizaxe individual e grupal.<br><br>O traballo tutelado (TT), como se indica na planificación, esixe de apoio personalizado, sendo obrigatoria a asistencia a tres titorías grupais Na primeira, teñen que dar conta da planificación do traballo e da organización e funcionamento do grupo. Na segunda supervísanse as tarefas realizadas. As aulas interactivas tamén son un espazo para a supervisión e para orientación do TT e da presentación oral.<br>A última titoría realízase despois da entrega do TT o seu obxectivo e proporcionar retroalimentación a partir dos criterios especificados na matriz de valoración.<br>As titorías grupais poderán realizarse en Teams. |

## Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
|--------------|---------------------------|------------|---------------|



|                           |                                 |  |    |
|---------------------------|---------------------------------|--|----|
| Portafolios do alumno     | A15 A16 A17 A18<br>A19 C1 C4 C7 | Consiste nun informe no que o alumnado dá conta das aprendizaxes construídas e reflexiona sobre proceso de aprendizaxe e sobre as relacións cos contidos do resto das materias do mestrado.<br>Os criterios de avaliación e cualificación concrétnanse nunha rúbrica que se presenta o primeiro día de clase.  | 25 |
| Presentación oral         | C1 C3                           | Presentación grupal dun dos estudos de caso e da análise dos sesgos sexistas nos libros das materias da especialidade.<br>A presentación será co-avaliada polo alumnado a través dunha rúbrica elaborada e consensuada co alumnado.  | 10 |
| Prácticas a través de TIC | C3                              | Consiste na construción dun marcador social e da propia contorna de aprendizaxe.<br>Os criterios de avaliación para o marcador son o número de recursos almacenados, o seu nivel de descrición e valoración e o sistema de categorías e subcategorías utilizadas para a súa almacenaxe. Para a contorna persoal de aprendizaxe terase en conta o número de ámbitos, recursos e ferramentas incorporados e a análise e valoración realizada polo alumnado sobre a súa contorna persoal de aprendizaxe.  | 10 |
| Traballos tutelados       | A18 A20 A21 A25 C1<br>C3 C7     | O resultado do traballo tutelado é unha unidade didáctica de orientación profesional para un dos módulo da especialidade escollido polo alumnado. Os criterios de avaliación e cualificación recóllense nunha rúbrica que se presenta o primeiro día de clase.<br>Utilízanse técnicas de auto e coavaliación para valorar e cualificar o funcionamento do grupo e as achegas individuais ao traballo grupal.<br><br>Nunha sesión de titoría grupal obrigatoria proporcionarase, a partir dos criterios de avaliación e cualificación da matriz de valoración, información sobre os aspectos destacables e a mellorar da unidade didáctica. | 55 |

### Observacións avaliación

**ASISTENCIA E SISTEMA DE AVALIACIÓN** A asistencia ás aulas presenciais e virtuais é obrigatoria. O alumnado con asistencia regular e que ocasionalmente non acuda a unha sesión deberá de realizar e entregar as actividades feitas na aula. A cualificación final será o resultado das puntuación obtidas nas catro actividades de avaliación descritas. Para superar a materia é indispensable obter a metade da cualificación no portafolio e no traballo tutelado e ter realizadas o resto das actividades. Na avaliación da segunda oportunidade deberán de recuperarse as actividades non superadas. Ó rematar as aulas e na data acordada, cada grupo presentará un dossier grupal coas actividades realizadas en grupo e coas fichas de auto-avaliación, co-avaliación e coa planificación do traballo grupal. Os resultados da co-avaliación teñen efectos na cualificación individual de cada alumna e alumno. As persoas que non manteñan unha asistencia regular, realizarán unha proba mixta (de ensaio sobre os contidos da materia e de aplicación práctica) e as tarefas grupais faranas individualmente. Neste caso, a distribución das cualificacións é a seguinte: proba mixta (4 puntos), traballo tutelado (4 puntos), presentación oral (1 punto) e as prácticas a través das TIC (1 punto). Para superar a materia teñen que obter a metade da cualificación no exame e no traballo tutelado. Na segunda oportunidade recuperarán as partes non superadas.

**FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA**a) Ausencia de citación de fontes As citas e referencias a calquer tipo de texto deben declararse ao longo do texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 6º edición. b) Plaxio O plaxio en calquera das tarefas será motivo de suspenso, en aplicación do artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC, que establece: "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade" Normativa académica de avaliación, revisión e reclamación da UDC:

[https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/\\_galeria\\_down/academica/Normas\\_avaliacion\\_revision\\_reclamacion\\_consolidado\\_1.pdf](https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf)  
<http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual>

### Fontes de información



|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Arraiz, B. ;Careaga, H.;Carramiñana, S.; Oskoz, J.M. (2015). Guía para la incorporación de la perspectiva de género en el curriculum y en la actividad docente de las enseñanzas de régimen especial y de Formación Profesional. Victoria: Emakunde</li> <li>- Echeverría, Benito (coord) (2008). Orientación profesional. Barcelona: Editorial UOC</li> <li>- Cobo, A; Gutiérrez, E. e Planas, A. (2012). La orientación profesional y la búsqueda de empleo. Experiencias innovadoras y técnicas de intervención que facilitan la inserción laboral.. Barcelona: Editorial Grao</li> <li>- Conzittu, Damien (coord) (2019). Penser et agir l'orientation au 21e siècle : De l'élève au citoyen engagé. Editions Qui plus est</li> <li>- Hooley, T. e Sultana, G. (2016). Career guidance for social justice.. urnal National Institute for Career Education and Counselling, nº 36, 2-11</li> <li>- Mc Carthy, J. (2016). Laorientación profesional y las habilidades para la gestión de la carrera. Una perspectiva internacional. España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer</li> <li>- Mc Carthy, J. (2016). la dimensión de servicio público de la orientación . España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer</li> <li>- Sánchez García, María Fe (2014). Orientación profesional y personal. Madrid: UNED</li> <li>- Sanz, Clara e Manzanares, Asunción (2016). El modelo de orientación profesional en cuestión. Revisión de sus referentes teórico-prácticos. . España: Universidad Castilla La Mancha/ wolters Kluwer</li> <li>- Sanz, Clara e Manzanares, Asunción (2016). Claves sobre la intervención de la orientación profesional en los sistemas de formación profesional. España: Universidad Castilla La Mancha/ Wolters Kluwer</li> <li>- Sultana, Robert (2016). La movilización de los servicios de orientación profesional en torno a una agenda de justicia social: una prioridad para todos. España: Universidad Castilla La Mancha/ Wolters Kluwer</li> </ul> <p>Para cada tema e para a realización do traballo tutelado facilítase bibliografía básica e complementaria comentada. En moodle tamén se recompilan fontes electrónicas de interese para cada un dos temas.</p> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |  |

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

Formación profesional e mercado laboral/652606611

Aprendizaxe e ensino dos módulos da especialidade de formación e orientación laboral/652606621

Proxectos de innovación e investigación educativa en formación profesional e orientación laboral/652606E31

### Observacións

COMPROMISO COA SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL&nbsp;Co obxectivo de&nbsp; facer un uso sustentábel &nbsp;dos recursos e&nbsp; de evitar &nbsp;impactos negativos sobre o medio natural as tarefas entregaranse en formato dixital.&nbsp;ACTUALIZACIÓN DO PERFIL EN MOODLENa segunda sesión de clase todo o alumnado ha de ter pendurada unha foto actual no seu perfil de moodle&nbsp;CARGA DE TRABALLO&nbsp;A realización das tarefas indicadas na guía docente supoñen unha dedicación &nbsp;de &nbsp; 72 horas de traballo fóra da aula.&nbsp;

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías